

A Fundación
Emalcsa e
Vegalsa fan
máis inclusiva
A Coruña



Páxina 5

O BNG reclama
para Galiza a
xestión íntegra
dos fondos
europeos de
reconstrución



Páxina 8

Colectivos
contra a tala
de árbores
en San Pedro
de Rocas



Páxina 9

Unha nova
empresa
encargarase da
piscina de
Monforte



Páxina 10

Vivendas de
promoción
pública
no barrio
da Tinería



Páxina 11

Xénese, Arte
na Rúa en
Ourense



Páxina 14

O director da
Banda de
Música de Sober
debuta coa
Scala de Milán



Páxina 16



Infraestruturas quiere levar a estación de buses do Carballiño á do ferrocarril

Páxina 13



A Feira do Viño de Amandi será en decembro no Pazo de Sober

Páxina 10



O Camiño de Inverno mellorará as sinalizacións

Páxina 12

Entrevista



Xabier Deive, presidente da Asociación de
Actores e Actrices de Galicia (AAAG)

“Non se demostrou que a
cultura sexa un ámbito de
alto risco de contaxio”

Páxina 7

Opini3n

Por Jos3 Paz Rodrigues (Professor aposentado da Universidade de Vigo, Presidente da ASPGP e Acad3mico da AGLP)

O Cine Clube “Padre Feij3o” de Ourense cumpre os seus 50 anos de vida (II)

Quando nasce em Ourense, no curso 1970-71, dentro da Escola Normal, o Cine Clube “Padre Feij3o”, o contexto cultural, pol3tico e social dominante na altura na cidade “das Burgas” ajudava bastante, por isto, as 25 primeiras temporadas, at3 o ano de 1995, com mais de 1.500 sess3es realizadas e numerosas atividades especiais organizadas, a base de Mostras, Jornadas, Ciclos, semin3rios e colabora33es com muitas entidades, s3o sem d3vida as mais brilhantes da hist3ria do cine clube. Tema sobre o que falaremos numa pr3xima entrega deste nosso depoimento, onde analisarei e comentarei os quase vinte e cinco anos de vida e de atividade cultural cinematogr3fica, que desenvolveu o “Padre Feij3o”, e que eu como secret3rio do mesmo desde 1972, vivim muito em direto, dedicando-lhe infinidade de horas e esfor3os, com entrega total e desinteressada. E ao final at3 apoio econ3mico com o meu pr3prio dinheiro, pelo, que muito ao meu pesar, me vim obrigado em setembro de 1995, quando se iniciava a temporada n3 26, a abandonar a diretiva do cine clube e continuar s3o como s3cio do mesmo, assistindo 3s sess3es cineclubistas nas que se projetavam filmes do meu interesse e gosto pessoal, e de diretores por mim sempre apreciados e admirados.

Pelas minhas circunst3ncias vitais, e o ter nascido no pr3dio da escola da minha aldeia de Corna (no concelho ourensano de Pinhor), a vinte quil3metros da vila de Lalim, realizei os estudos secund3rios no seu Instituto Laboral “Ram3m M3 Alher Ulhoa”, de 1958 a 1963. Al3 teve eu a sorte de ter como professor da mat3ria de electricidade a Jos3 Luis P3rez Hermida, que nos projetava cinema todas as semanas, a base de filmes document3rios em 16 mm., e tamb3m no mesmo formato filmes de a33o de conhecidos diretores, especialmente de aventuras, que na altura se distribu3am. Isto provocou em mim grande paix3o pela arte cinematogr3fica, entre os meus dez e quinze anos, que 3 uma das minhas principais prefer3ncias e afei33es vitais. Por isto, quando em Ourense, de 1963 a 1966, fez a carreira de Magist3rio, todas as semanas acudia a olhar nas salas ourensanas aqueles filmes mais atrativos da 3poca, e estudando em Madrid a carreira de Pedagogia na Complutense, de 1968 a 1971, fum membro dos cine clubes do INEF e do Col3gio Maior “S. Jo3o Evangelista”, assistindo tamb3m de forma as3dua

a olhar os filmes que se projetavam nas denominadas salas especiais e de “Arte e Ensaio”, realizados por grandes diretores do mundo e quase todas obras mestras. Quando, j3 licenciado, desde o Instituto do Posso de Ourense (onde fum professor no curso 1971-72), passei a ser contratado como professor agregado da Escola Normal no seguinte curso 72-73, n3o duvidei um momento e entrei como secret3rio na diretiva do “Padre Feij3o” que, presidido por Em3lio Losada, funcionava neste centro de forma33o de professores desde 1970. No mesmo fum secret3rio de forma ininterrupta das temporadas terceira 3 vig3sima quinta (anos 1972 a 1995), cessando no c3rrego por decis33o pessoal, junto com o presidente Bobilho, em setembro de 1995.

Neste m3s de setembro entra a dirigir o cine clube uma nova diretiva integrada por Alberto Llorente como presidente, acompanhado de Manuel Ay3n, C3sar Silva, Ana Moreno, Alfonso Blanco, Miguel Freire, Purificaci3n Veiga, Manel Rodr3guez e Henrique Torreiro. Este 3ltimo, j3 com o apoio da Casa da Juventude, dirigida por Bieito Losada, termina por ser presidente, at3 que na temporada n3mero 41 (anos 2010-2011), se forma uma nova diretiva, que continua na atualidade, presidida por Manuel Precado Barbeito, tendo como vicepresidente a Manel Rodr3guez L3pez, acompanhados por Fernando Barros, Gael Carballo, I3aki N3voa, 3scar Iglesias, Marisa Gamallo, Olalla Soutullo e Suso Precado.

O 17 de outubro de 1980 o cine clube tinha celebrado a sua sess3o n3 500, projetando o formoso filme italiano de Francesco Rossi Cristo parou-se em 3boli, realizado em 1979. At3 essa data desenvolveram-se numerosas atividades cinematogr3ficas, dentro das primeiras dez temporadas da entidade, que comentaremos numa terceira entrega do nosso depoimento. Entre elas 3 necess3rio destacar as “Xornadas do Cinema de Ourense”, com seis edi33es de 1973 a 1978, as “Mostras Cinematogr3ficas de Arte e Ensaio”, dentro do programa das festas maiores da cidade do m3s de junho, com sete edi33es entre 1973 e 1980, com “Mostras de Cinema para Crian3as”, organizadas para os nenos ourensanos de forma paralela, e os “Ciclos Cinematogr3ficos Provinciais”, que se desenvolveram em numerosas localidades da prov3ncia ourensana.

No m3s de mar3o de 1994, o cine clube chegou a celebrar a sess3o n3mero 1.500 da sua hist3ria. Para isto, os diretivos na-

quela altura, entre os que estavam Segis Bobilho como presidente e quem assina este artigo como secret3rio, decidiram dedicar uma sess3o t3o significativa ao filme E a luz se fez (Y la luz se hizo), realizado em 1989 pelo diretor de nacionalidade francesa Otar Iosseliani, que n3o fora estreado em Espanha, pelo que houve que trazer de Portugal, como importada, a c3pia que al3 sim estava em distribu33o.

CINECLUBE
PADRE FEIJ3O

Igual que como em junho de 1980 se teve que fazer com o filme de Paolo e Vittorio Taviani San Michele aveva un gallo (S. Miguel tinha um galo), para que as pud3ramos olhar em Ourense.



O actual presidente Manuel Precado Barbeito



Membros da diretiva actual na cabina da Casa de Cultura de Ourense



Jos3 Paz secret3rio na sua Biblioteca Tagore



Que está pasando?

Durante os últimos meses cada vez que abrimos un xornal imos atoparnos con información arredor do coronavirus. É como se este bicho maldito se convertira no ombligo do mundo.

O famoseo xa non ten lugar, os futbolistas de elite pasaron a un segundo plano, o desemprego e os problemas educativos son tratados pero en segundo ou terceiro lugar.

O panorama político está enfermo. O virus atacoulle de tal maneira que para algúns partidos, sobre todo os que non están no Poder e cren que deberán estar, xa non se preocupan se hai mais mortos ou menos, a súa preocupación é vela maneira de facerlle dano ao goberno. Está ben gobernado o Estado Español ou non? Iso non importa. Como lle podo facer máis dano aos que están no Poder e non me deixan oco para min, esa é a pregunta.

Nos primeiros meses da pandemia os actuais gobernantes tiveron que enfrontarse cada quince días ao Parlamento para revalidar os decretos de confinamento. Nun principio o PP e Ciudadanos viron necesario tal medida; votaron a favor. A terceira vez, creo que foi, xa cambiaron de estratexia. A Presidenta da Comunidade de Madrid foi utilizada como abanderada do PP para atacar ao Goberno. Pedro Sánchez era, entón, un pequeno dictador que quería acabar cos negocios de Madrid e provincia. As medidas impostas eran excesivas. Había, ao parecer, outras alternativas posibles que non ian danar tanto aos cidadáns e aos comerciantes. Cando chegou o momento de revalidar os decretos o Presidente do goberno viuse na estacada; non tiña votos para continuar. Decidiu levantar o pé do acelerador e afrouxar as medidas. A famosa desescalada. Concedeulle o que solicitaban, sobre todo, as Comunidades rexidas polo PP, por Vox e por Cidadáns.

Non primeiros días e semanas as cousas ian mais ou menos. A famosa comisión formada polas Comunidade e o Goberno parecía podía funcionar. O presidentes, e

Presidentas autonómicos tiñan poderes delegados para tomar medidas drásticas, se fixera falta. Pero hete aquí que a cousa comezou a poñerse fea. Os infectados subían día a día, os hospitais empezaban a ver entrar ducias de afectados polo virus

eleccións tan pronto e que, `posiblemente, os actuais gobernantes se instalen na Moncloa por uns cantos anos máis.

Europa abriu o saco das moedas e dixo que por cartos non ía sela cousa. As opción políticas que levaron a Pedro Sánchez

o seu momento. A pandemia pode ser o negocio do século. Para quen? Para os de sempre, que esperaban?

Os chamados varóns socialistas, dos que algún día imos falar con calma, critican os apoios de Pedro Sánchez podería ter para aprobar os Orzamentos para 2021. A súa resposta foi: “teñen o meu teléfono” Así se fala rapaz. Os que non foron quen de poñer o neoliberalismo no seu sitio e gobernaron como auténticos capitalistas veñen agora a darnos leccións de moralidade política. Como diría o torero Jesulín de Ubrique: “Impresionante”.

Nos últimos tempos tamén nos ofreceron noticias moi “sorprendentes” para algúns, claro. O noso ínclito Rei Emérito era un “canalla” defraudador á facenda pero cunha diferenza importante: a el ninguén lle pode pedir contas. Non é divino coma nos tempos dos Césares pero casi. Claro que o pobre tamén ten o seu San Martiño: ao que parece os que deberan coidar da súa saúde adminstraronlle hormonas femininas, non para que se volverá gai, senón para que non puidera ter ereccións e satisfacer a súa querida Corinna. Pobre home!! Todo un Rei nas mans duns desalmados.

Pero isto non debiera sorprender a ninguén. A Historia, con maiúscula, dínos que a familia Borbón, xa dende os tempos de Isabel II, non so esquilmou o País todo o que puido, senón que sentimentalmente foron auténticos depravados. Queridas, fillos bastardos, etc.etc.

Agora ata os representantes da Igrexa Católica (das outras nin se fala, claro) din que ofrecen diálogo ao Goberno. Para que será? Tal vez para que lle rebaixen os impostos que ata agora non pagaron? Será para devolver todas as propiedades que rexistraron ao seu nome sen dereito algún? Da Igrexa podemos esperar calquera cousa. Xa o sabía Cervantes: “Coa Igrexa hemos topado, amigo Sancho”. Que razón tiña!!.

Como dician Tip e Coll: Na próxima falamos do Goberno.

Saúdos e cóidense moito. O bicho non pica pero mortifica cantidade.



e a xente comezaba a morrer de maneira alarmante. Pero non querían liberdade para tomar medidas? Ben, xas tiñan. Que pasaba agora, logo?

Pois pasaba que ao non poder controlar a pandemia voltaban a culpar ao Goberno. non era por ser dictador nas súas disposicións, agora era porque non ineterviña coma antes. Realmente esperpéntico. Se decidía era un dictador, se daba competencias era un irresponsable.

E aquí seguía a dereita tentando sacar réditos políticos. A pandemia está sendo utilizada polo PP, por Vox e por Ciudadanos (tanto monta, monta tanto Abascal, como Casado como Arrimadas) como arma política para desgastar ao actual equipo de goberno. Saben que nun vai haber

á Moncloa están dispostas a votar a favor dun novo orzamento expansivo, no que os millóns de euros e as opción políticas favorecidas van sela tónica. Isto está sendo moi difícil de soportar pola deteitra cavernícola que ve como se lle está escapando o Poder por entre os dedos sen que poidan facer nada.

E neste río revolto gañan os de sempre. A pandemia dispara unha carreira entre as grandes potencias e as farmacéuticas para aproveitar o novo mercado das vacinas. Apenas un laboratorio dixo que podería dispor dunha vacina antes de fin de ano dispararonse as bolsas dunha maneira nunca vista. Que auguran? Que negocios esperan os do IBEX 35? Como sempre, igual que aves carroñeiras están esperando

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.



Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

O futuro é Kamala Harris

A persoa vicepresidenta dos USA ten, constitucionalmente, moi poucas funcións. Só as de substituíren á persoa presidenta no caso de incapacidade, demisión ou morte e presidiren o Senado con voto cualificado no suposto de empate. Cando un partido ten, polo menos, 51 senadores sobre os 100 totais os vicepresidentes non adoitan concorrer ao Senado e delegan a súa función. Velaí que a elección da primeira muller vicepresidenta (filla de persoas pertencentes ás minorías raciais) non lle garanta exercicio do Poder no curto prazo á electa Kamala Harris. Se o presidente non cesa a vicepresidenta non ten máis funcións que as que lle poida encargar o presidente.

Mais desta volta é difícil que este conto vaia ser o mesmo. Biden cumpre 78 o 20-

N, o que incrementa (tampouco tanto) o risco de substitución a prol de Harris na presidencia. O que si abre substancialmente é a probabilidade que non repita como candidato, o que incrementará as posibilidades da californiana de ser a candidata demócrata no 2024.

Este feito esixirá da vicepresidenta unha ampla presenza política que a faga presente en todos os recunchos dos USA. Mais, a carón desta esixencia, Karmala Harris haberá desenvolver dende o minuto un “in office” unha axenda de reivindicación feminista e dos dereitos das minorías con propostas concretas que diminúan as radicais divisorias de renda e oportunidades da poboación branca coas minorías de cor. Propostas de radical defensa dos dereitos humanos diante da

brutalidade policial. E de reivindicación dunha sanidade pública para todos, no ronsel da Obamacare.

Fronte desta axenda Harris terá boa parte das elites do Partido Demócrata-PD- (os Clinton, a presidenta da Cámara Baixa Nancy Pelosi ou o propio Presidente eleito Biden), mais a vicepresidenta é a única ponte viábel entre a Casa Branca e a á esquerda do partido, representada polos socialdemócratas de Sanders e por boa parte dos membros dos Socialistas Democráticos Americanos -SDA- (onde partillan as deputadas federais da Cámara Baixa Alexandra Ocasio-Cortez e Rashida Tlaib) e os movementos sociais, entre eles o Black lives matter. Unha á esquerda que non vai ficar parada en canto decorran meses sen enfrontar solucións dende Washington a respecto dos fondos problemas de racismo e inxustiza social da América de 2020.

É verdade que Karmala Harris non é, porén, unha revolucionaria, senón unha

progresista pragmática que non dubidou en desenvolver un relato de law and order cando foi fiscal en San Francisco (2004-2011). Mais como senadora e candidata defendeu propostas que, sen chegar ás de Sanders, Ocasio-Cortez e Tlaib debullan unha axenda vencellada ao progreso das minorías e das persoas en risco de exclusión.

Porén, cómpre lembrar que USA é un sistema federal onde a Administración de Washington ten amplos poderes nas políticas de defensa e exterior e capacidades moito máis curtas na política interior, só vencelladas á lexislación de dereitos civís, mercantil e laboral, as grandes infraestruturas comúns e ao financiamento de determinados programas de axuda sanitaria e social que poidan executar as Administracións estatais e locais.



Rescatarmos a hostalería galega

Dende o sábado 7-N a Xunta pechou a hostalería toda por un mínimo dun mes en 60 concellos, que acadan por xunto máis do 60% da poboación deste País. Esta restrición xúntase coa sufrida na primavera, coas grandes restricións de aforo do verán e outono e cos investimentos en protección e seguranza ao que foron obrigadas as empresas hostaleiras.

O Goberno Feijóo enfronta esta realidade con esmolos, pondo só riba da mesa entre 14 e 17 M€ para fornecer de axudas entre 2.000 € e 7.000 €. Para que se fagan unha idea, a Deputación da Coruña pon riba da mesa 3 M€ e a Rexión de Murcia, con pouco máis da metade da poboación galega,

38 M€. Francia e Alemaña achegan como axuda entre o 70-75% da diferenza entre o facturado no 2019 e neste 2020. Outravolta Feijóo (tamén Sánchez e Iglesias, que veñen de rescatar Air Europa sen se preocupar das pemes hostaleiras) evade a súa responsabilidade política de líder deste País e amosa respostas propias dun presidente de deputación, que non chegan a nada.

A hostalería galega precisa dun Plan global de rescate potente, liderado pola Xunta coa participación do sector e as Deputacións e concellos, esixindo do Goberno do Estado as medidas fiscais e financeiras que cumpran para acadar un todo coordinado. Velaí as medidas fulcrais que habería ter este Plan:

a. Prórroga por un mínimo de 16-24 meses o prazo de carencia para a amortización dos préstamos ICO e IGAPE. Programa de reestruturación do pagamento de xuros en función da perda do negocio.

b. Normativa temporal que estableza reducións substanciais do prezo dos arrendamentos dos locais pechados ou atinxidos por redución de aforos, segundo o ronsel do Decreto-Lei 34/2020 da Generalitat catalá, que rebaixou o 50% éstes. Esta normativa completárase cun grande pacto cos concellos e Deputacións (FEGAMP) para aquelar conxuntamente todos os recursos de fomento e para reducir temproal e substancialmente os pagamentos por IBI aos propietarios.

c. Destino conxunto dos recursos aqueles pola Xunta, concellos e Deputacións para axudas directas vencelladas propor-

cionalmente ás perdas do periodo 15 marzo-7 novembro 2020.

d. Programa de xubilacións anticipadas das persoas autónomas da hostalería que cumpran determinada idade e periodo e cotización, como vector dunha reestruturación do sector aos niveis e requisitos da demanda posteriores á crise pandémica.

e. Acadar do Goberno do Estado moratoria xeral do pagamento de tributos estatais sen xuros nin recargas.

Estas medidas non haberían de se cingir aos negocios pechados por se situar nos 60 concellos confinados, senón a todos os de Galicia que puidesen xustificar unha redución substancial de marxes do negocio vencellados á crise pandémica. E non excusan unha intervención do Estado no eido fiscal e financeiro que, agora, está lonxe de se albiscar no horizonte.

O castelán non precisa defensa

Cando Núñez Feijóo acadou outra maioría absoluta este verán, moitas das análises de fóra da Galicia, mesmo non poucas de medios cataláns e vascos, sinalaban como unha das chaves a suposta priorización do país sobre a sinléctica PP (“Galicia, Galicia, Galicia”) e máis unha mensaxe aparentemente afastada do mainstream españolista do PP madrileño, de Vox e de Cs, verbalizando sen maiores compromisos reais un esvaído discurso de aceptación do galego como parte do patrimonio da galeguidade. Velaí que extrañara, dende esa caste de enfoques, a chocante agresividade do presidente galego fronte á solución lexislativa pactada no Congreso que permite a cada Administración autonómica a escolla da

súa lingua vehicular, suprimindo a obriga do castelán para todo o Estado que impuxera a Lei Wert, aprobada só cos votos do PP na lexislatura 2012-2016.

Analizada no contexto político actual a actitude de Feijóo é chocante. A emenda aprobada no Congreso non lle impón á Administración galega ningunha solución. O que lle da é máis marxe de manobra. Pode ir cara un sistema de inmersión lingüística, mais tamén pode seguir co fracasado modelo actual. Por outra banda, o castelán é omnipresente e non precisa de protección ningunha, fronte ao galego que se atopa nunha grave situación de minorización, xerada en boa parte polas restricións normativas estatais e autonómicas ao seu pleno status de oficialidade.

De feito o Consello de Europa ten denunciado o incumprimento da legalidade europea (“Carta Europea das Linguas”) por parte da Xunta, que veta na práctica o galego no ensino infantil e prohíbe dar aulas de matemáticas, física e química en galego.

Xa que logo, neste contexto a actitude de Núñez Feijóo afástao dos políticos moderados e útiles, que tentan xerar inclusión e cohesión social, como Urkullu ou os mesmos populares Pedro Puy e Xesús Palmou e achégao aos políticos dos excesos verbais, que xeran división social e non achegan solucións, como Abascal, Rosa Díaz ou Tony Cantó.

A actitude contra o galego de Feijóo enténdese, porén, en clave de distraer a atención da xestión sanitaria que está a desenvolver a Xunta. Porque nesta segunda ondata da pandemia Galicia ten ampla autonomía para desenvolver as súas solu-

cións e botarlle as culpas ao Goberno do Estado xa non é a solución válida para todas as situacións. A evolución epidemiolóxica de Galicia non evolúe ben e soubemos esta semana que a Xunta faltara a verdade cando proclamara contar con 6.000 persoas rastrexadoras; só eran 700. O resto é persoal de atención primaria do SERGAS, totalmente ultrapasado na súa capacidade de resposta. Núñez Feijóo sabe que arestora é el quen está á fronte e que a resposta preventiva ten moitas eivas, nomeadamente nos centros de ensino de nas residencias da terceira idade.

O máis grave desta desaquelada opinión presidencial é que achega o PPdeG ao extremismo lingüístico de Vox, Cs e do PP de Madrid. E envían a clara mensaxe de que o Goberno galego non está nin polo uso nin pola promoción da única lingua que require de políticas de defensa e promoción neste país.

A Fundación Emalcsa e Vegalsa fan máis inclusiva a cidade

Alcaldesa e presidenta da Fundación Emalcsa, Inés Rey, e o director xeral de Vegalsa, Joaquín González Iglesias, asinaron esta mañá un convenio do Concello da Coruña e a Fundación Emalcsa con Vegalsa, baixo o nome "Cultura Accesible e Inclusiva". Ao acto de sinatura do contrato tamén asistiron a concelleira de Igualdade, Benestar Social e Participación, Yoya Neira, o director da Fundación Emalcsa, Manuel Aguilar, e a directora de Responsabilidade Social Corporativa de Vegalsa, Gabriela González.

A través deste programa, cuxo orzamento previsto para os exercicios 2021 e 2022 ascende a



300.000 €, preténdese lograr a igualdade de oportunidades no acceso á cultura na cidade da Coruña, así como romper as barreiras, especialmente das persoas con discapacidade, para a plena participación da cidadanía nestas actividades.

Realizar tres convocatorias de

subvencións a proxectos de "Cultura Accesible e Inclusiva" e levar a cabo os correspondentes festivos nos outonos destes tres anos para contribuír á difusión dos obxectivos do programa son, entre outras, algunhas das actividades que o convenio contempla para os anos 2020, 2021 e 2022.

O concello non lles cobrará a taxa de terrazas ás e aos hostaleiros durante todo o 2021

OGoberno municipal levou a Pleno a proposta de modificación das taxas e tributos locais. Os cambios afectan a un total de 9 ordenanzas e teñen como obxectivo, indicou a alcaldesa, "realizar un repartimento máis xusto das cargas fiscais e baixarlle os impostos a quen ten menos recursos". Rey anunciou que esta proposta recolle a exención da taxa de terrazas durante todo o ano 2021 para as hostaleiras e os hostaleiros da cidade.

Tamén inclúen unha rebaixa da metade do imposto de construción instalación e obras (ICIO) para actuacións de rehabilitación, total ou parcial, que su-

poñan unha posta en valor da zona PEPRI. Tamén presentou unha rebaixa substancial do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IVTNU), as coñecidas como "plusvalías".

Ademais, a ordenanza inclúe a exención total da taxa para casos de execucións hipotecarias e dacións en pago.

Na ordenanza as familias numerosas terán unha bonificación do 50% no recibo do lixo.

O Concello anunciou ademais a suba das taxas que aboan os titulares dos caixeiros de entidades bancarias accesibles desde a rúa e tamén as licenzas de apertura para salas do xogo.

Inés Rey: "A rolda peonil é un dos eixes deste goberno e segue o seu cauce"

Alcaldesa, Inés Rey, anunciou que o 16 de novembro comezarán os traballos de peonalización da rúa Mariscal Pardo de Cela, que conforma un novo tramo da rolda peonil que cruzará a cidade. Rey apuntou que "será outro dos tramos da rolda peonil, que é un dos eixes deste goberno e segue o seu canle para que sexa unha realidade. Ademais, seguimos cos trámites de Alcalde Marchesi e Ramón Cabanillas".

O proxecto de mellora de Mariscal Pardo de Cela, ademais de mellorar a accesibilidade peonil, tamén optimizará a ciclable, xa que este tramo será un dos da rolda peonil que contará con carril bici, incrementando o espazo público e acondicionando as vías existentes para mellorar a súa seguridade. O ámbito de actuación para estas obras, que contan cun orzamento municipal de case 220.000 euros, abranguen a propia rúa Mariscal Pardo de Cela e as súas interseccións coas rúas Fernando Rey, Cronista Pacheco e Oidor Gregorio Tovar.

Actualmente, Mariscal Pardo de Cela atópase nun estado de



degradación avanzada e, desde o Goberno local, "considerouse urxente a súa necesidade de reparación". Deste xeito, a actuación que se desenvolverá nesta vía implicará unha completa renovación da súa imaxe, poñendo no centro ao peón e ás/os ciclistas.

A rolda peonil na que traballa o Concello unirá o Parque de San Diego co futuro Parque do Agra, un proxecto que suporá un cambio na mobilidade da cidade. Pola súa banda, o primeiro tramo de Alcalde Marchesi está pendente do informe

de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e o segundo tramo, que vai desde Ramón y Cajal ata a Gaitreira, terá un proxecto a finais de 2020. O tramo de Ramón Cabanillas, tamén contará cun proxecto antes de fin de ano.

O proxecto enmárcase dentro de la Estratexia EidusCoruña, financiado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do eixe de desenvolvemento urbano do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020.

O concello comeza as obras de mellora do asfaltado en 15 rúas por un importe de 317.000 euros



AConcellaría de Urbanismo, Mobilidade e Infraestruturas pon en marcha unha serie de actuacións destinadas a mellorar o asfaltado en 15 rúas da cidade, por un importe de 317.000 euros.

Os traballos para mellorar as calzadas comezaron a noite pasada na travesía de Almirante Eulate, no paso peonil Reverendo Álvarez Cabezas, na rotonda das Escravas e na avenida de Bos Aires. Tamén se realizarán reparacións nas rúas Eume, Sar, Miño e Tambre en horario diúrno. O mércores iniciaranse obras de fresado nas rúas México, Brasil e na avenida de Chile.

O equipo de mantemento trasladarase o xoves 12 aos distritos 8 e 9, onde se realizarán reparacións no firme no ámbito

dos Cantóns e tamén en Linares Rivas. O venres 13, poñeranse en marcha pola noite os traballos de fresado e aglomerado na avenida Alcalde Pérez Ardá, desde Ramón y Cajal até a Rolda de Outeiro, en dirección á saída da cidade ao lado da estación de autobuses, que se prolongarán até a semana seguinte, cando se finalicen os traballos nas vías de entrada, ao carón do centro comercial El Corte Inglés.

Tamén está previsto que renove o asfaltado na praza de Mina e na praza de Ponteveda, no cruzamento coa rúa Juan Flórez. Tamén se desenvolverán labores de mantemento das beirarrúas na zona norte da cidade e de mellora da accesibilidade nas rúas Sor Joaquina e Francisco Rodríguez Otero.

Galicia

0 Parlamento aproba a iniciativa socialista para esixir un “plan inmediato, áxil e eficaz” para a hostalería

O Parlamento aprobou por unanimidade a Proposta Non de Lei do Grupo Socialista para esixir ao goberno galego que adopte un “plan inmediato, áxil e eficaz” de axudas directas a fondo perdido para paliar os estragos económicos da covid no sector da hostalería.

O portavoz de Economía do Grupo Socialista, Juan Carlos Francisco, esixiu ao goberno galego “unha reacción cun plan económico similar ao que están a levar a cabo outras comunidades autónomas”, como é o caso de “País Vasco e Comunidade de Murcia, que destinarán 45 e 38 millóns euros” ao sector respectivamente. Así, reclamou á Xunta que “empregue toda a súa capacidade de gasto público e de endeudamento” para “rescatar ao sector”.

O responsable socialista lamentou que os “12 ou 15 millóns de euros anunciados polo goberno galego son insuficientes e ridículos para paliar as consecuencias dun peche que afecta a 12.800 negocios”. Neste senso, criticou “a estratexia de confusión na que está instalado Feijóo” e instou ao goberno a “facer política económica a curto e medio prazo, con carácter inmediato”.

Francisco lembrou que “diversos concellos de Galicia modificaron os seus orzamentos e outorgaron axudas directas” á hostalería, “o que non fixo a Xunta de Galicia”. Así, incidiu en que “non se pode confinar e obrigar a pechar os establecementos, sen establecer medidas económicas de compensación” para os negocios.

Por último, Francisco urxiu



que se materialicen as axudas, xa que “se anunciaron medidas hai 15 días, pero aínda non se ‘efectivizaron’ no DOG”, tendo en conta que o sector que está a vivir “unha situación dramática”. Ademais, lamentou que a hostalería foi “inxustamente estigmatizada, dado que o nivel de contaxios neste ámbito non é tan importante como o que se vén producindo noutros eidos”.

PSOE: "a taxa de risco de pobreza en Galicia acadou o 20% da poboación"

A voceira de Orzamentos do Grupo Parlamentario Socialista, Begoña Rodríguez Rumbo, lamentou o veto do PP, amparado no seu “rodillo da maioría absoluta” parlamentaria, a unha proposta do seu partido para crear un plan de actuación contra a pobreza e a exclusión en Galicia.

Rodríguez Rumbo presentou unha Proposición Non de Lei ante a Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento galego para esixir actuar “inmediatamente” e determinar orzamento, prazos e “medidas concretas e medibles” que “permitan reverter a preocupante situación de pobreza ou exclusión social que tiñamos antes da pandemia”.

Neste contexto, a responsable socialista laouse de que o propio

Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, “aprobado neste Parlamento polo PP”, establecía como obxectivo “reducir a poboación en risco de pobreza ou exclusión en 100.000 persoas”, o cal “non se ten cumprido”. Puxo de manifesto que a taxa de risco da pobreza “acadou, en 2019, o 20 % da poboación galega”, o que supón “máis de 540.000 galegas e galegos”.

Ademais, destacou que “máis de 212.000 persoas en Galicia viven en pobreza severa” segundo datos de 2019, o que supón que o 7,9 % da poboación galega vive en fogares dunha persoa, con ingresos mensuais inferiores a 500 euros, ou en fogares de catro membros con ingresos mensuais inferiores a 1.053 euros.

IV edición dos Premios PEL co foco na COVID-19

A Deputación da Coruña convocou a través do Boletín Oficial da Provincia (BOP) a IV edición dos Premios PEL que, nesta ocasión, estará enfocado nas iniciativas innovadoras para a loita contra a COVID 19.

O presidente da Deputación, Valentín González Formoso, agarda que a convocatoria 2020 supere en número de participantes á de 2019, que contou con máis de 230 participantes.

Esta edición, enmarcada dentro da liña PEL-EMPRENDE do Plan de Emprego Local (PEL), repartirá un total de 75.000 euros en premios divididos en cinco categorías (15.000 € cada unha), destinados a pemes, microempresas, persoas profesionais autónomas, Concellos e asociacións empresariais.

Esas cinco categorías se dividen en: mellor iniciativa empresarial nova; mellor iniciativa empresarial consolidada; mellor iniciativa innovadora na loita contra

a COVID-19 (a novidade desta edición); Concello promotor do emprego de calidade; e mellor asociación empresarial.

O prazo para presentar as candidaturas estará aberto ata o 8 de xaneiro de 2021. A participación será gratuíta e só poderá realizarse mediante o envío da documentación requirida nas bases de xeito telemático, a través da plataforma Subtel: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>

0 Parlamento aproba a proposta do PSdG dun novo plan de xestión do polbo

A voceira de Pesca do PSdG, Patricia Otero, aplaudiu a aprobación da proposta non de Lei da bancada socialista para elaborar un novo plan de xestión do polbo consensuado co sector “que permita recuperar esta especie” ante a “chamada urxente de auxilio” deste sector.

Esta proposta busca “recuperar unha especie da que viven 2.000

familias” nun sector que conta con case 800 embarcacións. Otero explicou que “nos primeiros dez días trala veda, as capturas desta especie pola frota galega caeron un 85%”.

A voceira socialista criticou tamén a aparente desidia por parte da Consellería do Mar e a “falla de comunicación” da Xunta de Galicia coas confrarías afectadas.

Turismo investirá 650.000 euros para potenciar o Aeroporto de Alvedro

O concelleiro de Turismo e Relacións Institucionais, Juan Ignacio Borrego, anunciou que o Consorcio de Turismo achegará 650.000 euros para potenciar o Aeroporto de Alvedro a través de tres asuntos estratéxicos que se aprobaron na Xunta de Goberno do Consorcio de Turismo e Congre-

sos da Coruña. Por unha banda, pechouse o acordo coa Cámara de Comercio para duplicar durante tres meses a conexión con Madrid a través dun proxecto piloto. Acordouse tamén licitar a conexión con Bilbao con dúas frecuencias semanais e 104 voos durante o ano. Finalmente, dispúxose tamén licitar a promo-

ción das rutas de Madrid, que implicarán un aumento de case o 100% dos voos á capital.

O edil agradeceu o consenso e a unanimidade de todas as forzas e institucións do Consorcio, “mesmo do BNG, que non tendo presenza nesta entidade, coñecía os avances dos temas aprobados, polo que amosou tamén o seu apoio”.

Douscentos dezasete clubs deportivos da provincia da Coruña reciben o apoio da Deputación

A área de Deportes da Deputación da Coruña destina este ano 496.642,78€ para apoiar a 217 clubs deportivos da provincia con equipos ou deportistas que participen en competición federada de ámbito local, provincial ou autonómico durante o 2020.

Esta liña de apoio, con axudas

entre os 1.000 e os 6.000 euros, destínanse ao fomento de múltiples disciplinas deportivas.

Estas axudas complementarase coa liña de subvencións para clubs deportivos da provincia que participan en competicións federadas de ámbito nacional e internacional, cun orzamento de 1,3 millóns de euros.

Por Moncho Mariño

Xabier Deive, presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG)

“Non se demostrou que a cultura sexa un ámbito de alto risco de contaxio”

O confinamento e as restricións despois, están marcando os ritmos e o traballo dos actores e actrices. Xavier Deive, presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, sinala que moitos e moitas profesionais da escena

están tendo dificultades para acceder mesmo a axudas públicas. O mesmo Deive lembra que “hai familias que viven disto, como en calquera profesión”. O orzamento necesario para unha reactivación da escena en Galicia “non se pode calcular”.

-En que aspectos están afectando aos actores e actrices as medidas sociosanitarias por causa da COVID en Galicia?

O sector das artes escénicas, como o do turismo, ou o da hostalaría é un dos que se ve radicalmente afectado. Agora mesmo estamos nunha segunda onda que parece máis intensa que a primeira, isto trae a cancelación de moitas actuacións. A situación é precaria e preocupante.

-As medidas sobre aforos xa as considerastes insuficientes desde o primeiro momento?

As medidas sobre aforos teñen consecuencias como que algúns concellos suspenden actuacións porque, en auditorios con capacidade para 800 persoas, só se lles permite meter trinta espectadores. É como un agravio comparativo, nun supermercado estamos todos máis xuntos e tocamos todo. En calquera caso, son decisións que corresponden a un comité clínico e non sei ata onde podemos discutir esas decisións. Aínda así, se se toman esas decisións habería que mirar unhas contrapartidas para eses sectores. En cultura e artes escénicas en xeral a situación é precarísima e non vexo medidas paliativas suficientes.

-Se pedides axudas directas como se deberan aplicar e a

que segmentos das artes escénicas se deberan atender con máis urxencia?

Falamos de profesionais que non poden exercer a súa profesión por motivos alleos á súa vontade e mesmo á súa creatividade. Habería que sentar a todas as partes e mirar quen, podendo demostrar unha profesionalidade mesmo cousas menores como se se cancela unha actuación, a compañía pode recibir unha contraprestación porque non é algo provocado pola compañía ou polo concello. Debera haber unhas contrapartidas, porque este oficio non pode ser fixo pola idiosincrasia da profesión, como moito, fixos discontinuos. É difícil acceder ao paro, ao mellor ese paro estaba esgotado por outras cuestións. Non obstante, hai un punto de inflexión en que un xa non pode buscar as castañas. Hai algunha cousa, mais non carga de traballo como para defender o sector. Hai que buscar algo efectivo para as familias que viven desta profesión. Algúns compañeiros non poden acceder a axudas por diversos motivos.

-A idiosincrasia que apuntabas antes impide a aplicación de ERTES.

Si, porque non hai traballadores fixos. Se acaso dentro de produtoras os ERTES estarán destinado

ao persoal fixo, administrativo, etc. Os actores non, creo que non hai ningún contratado fixo, por tanto ao noso oficio é irrelevante o que pode afectar o ERTES.

-Existe o perigo de que non se podan levar adiante ningún espectáculo, mesmo en 2021?

Existe o perigo dentro do Plan de Reactivación. Nós emitimos un comunicado alertando desde a AAAG, que todo o plan estaba articulado arredor dun número alto de actuacións arredor do Xacobeo. Si que é certo que en principio os concellos están polo labor de retomar as actuacións, mais estamos vendo cancelacións e tamén temos a incerteza do 2021, aínda que se anuncian vacinas. Medio ano 2021 como mínimo estará na mesma situación. De momento non vemos unha luz ao final.

-Dalgunha maneira se presentou a idea de facer espectáculos online e monetizalos?

Hai xente que o intentou, mais non é a solución. Nós vivimos de estar diante do público, non ten nada que ver facer algo online, aínda que haxa cousas. Nós non somos youtubers, somos actores que sabemos facer o que sabemos facer, ficción ou contar historias. O outro, son remendos. Unha obra de teatro é imposible de realitzar desta maneira. Hai xente



que teña un plan B, mais a profesión está nos teatros ou facendo series, sen medo ao contaxio.

-Tedes realizado algún estudo sobre o índice de contaxios en teatros e que resultados vistes?

Como AAAG, non podemos realizar ese estudo. En calquera caso, remitímonos a estudos onde as gráficas demostra que é residual o número de contaxios que pode haber na cultura. A inmensa maioría de porcentaxes están dentro do eido privado. Mesmo a hostalaría que está sendo maltratada, está demostrado que non é un lugar de contaxio masivo. E a

cultura tampouco se demostrou que sexa un lugar de alto contaxio e as medidas de seguridade son extraordinarias. Mesmo nalgúns teatros as medidas poden ser redundantes. A cultura é segura.

-Que cantidade mínima estimades para que o sector puidese arrincar logo que se levanten as medidas?

É difícil de calcular, porque as partes deberan sentarse e ir calculando a canta xente pode afectar, dependería da vontade política e administrativa de “a quen queremos axudar”. A nós, como asociación, esa cifra é difícil de calcular.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Galicia

O BNG reclama para Galiza a xestión íntegra dos fondos europeos de reconstrución que lle corresponden

A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, defende que Galiza xestione a totalidade dos fondos europeos de reconstrución, e non o 50% como anunciou onte Pedro Sánchez na Conferencia de Presidentes. Para a nacionalista trátase dun “grave problema de centralización do reparto” dos 140.000 millóns de euros que lle corresponden ao Estado español, dos que 72.000 millóns corresponden a transferencias directas.

“Por que Galiza non pode xestionar o 100% dos fondos que lle corresponden? Con só a xestión do 50% Galiza perde boa parte de capacidade na toma de decisións sobre como impulsar a saída de Galiza da crise”, salienta Miranda, quen considera que “Galiza debe ter voz propia na negociación e na xestión dos fondos europeos para non quedar atrás no seu reparto”, algo que ao seu xuízo Feijóo non está defendendo.

A portavoz do Bloque manifesta que no BNG “temos medo que sexan as empresas do IBEX as que se beneficien maioritariamente dos fondos europeos fronte as pequenas e medianas empresas que conforman boa parte do tecido económico galego”.

Por outro lado, Ana Miranda critica a falta de transparencia



A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda

e escurantismo do goberno galego na suposta selección de proxectos que poden optar aos fondos europeos. “A Xunta fala de 108 proxectos que poden mobilizar 9.400 millóns de euros como candidatos aos fondos Next Generation, pero non sabemos en función de que criterios foron seleccionados, nin se quedaron proxectos fóra, nin quen os seleccionou”, manifesta a portavoz do BNG en Europa.

“Cando menos é curioso que Feijóo pedira onte criterios claros no reparto dos fondos cando el non explica que criterios utiliza para seleccionar uns proxectos e non outros”, apunta Miranda, quen demanda ao goberno galego transparencia informativa sobre o reparto dos fondos.

Criterios de distribución

O BNG defende que os fondos do MRR se dediquen realmente a políticas que permitan avanzar no desenvolvemento sustentábel de Galiza (social, económico e ambiental) e contribúan a corrixir os desequilibrios sociais e territoriais no Estado. Defende que na distribución dos fondos do MRR se teñan en conta, a inversa do PIB per cápita, a situación demográfica, a taxa de desemprego ou o peso do rural, entre outros.

“Lembremos que segundo as autoridades comunitarias os fondos de recuperación deben contribuír à cohesión económica, social e territorial, un obxectivo que comparte cos fondos estruturais”, explica Ana Miranda.

Gómez-Reino: Galicia terá un 47% mais de investimentos nos PXE 2021

O deputado de Unidas Podemos e voceiro de Galicia en Común, Antón Gómez-Reino, anunciou que a nosa Comunidade contará nos Presupostos Xerais do Estado (PXE) de 2021 con 240 millóns de euros máis en investimento con respecto ao 2018, o que supón un incremento global dun 47%.

Gómez-Reino fixo fincapé na “oportunidade histórica” que para Galicia implica un investimento desta magnitude, no que a pegada ministerial medra un 29%. Isto supón un investimento estatal medio de 308 euros por habitante, algo “moi superior á media estatal” e “moi por riba do que percibirán por habitante outras autonomías”. Por provincias, Lugo (114 millóns) e Ourense (71 mi-



llóns) lideran estes investimentos.

Outro dos eixos estratéxicos é a asignación dunha partida de 55 millóns para a rebaixa das peaxes e supresión de tramos da Autoestrada do Atlántico AP-9. A maiores, suprimense novos tramos como Vigo-Redondela e o 1% da ampliación de Rande.

Conclúe na Coruña o Simposio das Letras Galegas sobre Carvalho Calero

As ideas e as achegas lingüísticas de Ricardo Carvalho Calero foron as temáticas que protagonizaron a cuarta e derradeira xornada do Simposio das Letras Galegas 2020 organizado pola Real Academia Galega (RAG) en colaboración coa Xunta de Galicia durante o mes de outubro na Coruña.

Baixo a moderación da directora de Sección de Lingua da RAG, Rosario Álvarez, os tres relatores foron o académico Henrique Monteagudo, o profesor e investigador Serafín Alonso Pintos, e o presidente da Asociación Galega da Lingua, Eduardo Maragoto. Abor-

daron as distintas etapas de Carvalho Calero dende a perspectiva do proceso de formación do galego escrito moderno, tanto dende o punto de vista da norma gramatical como da configuración do estándar gráfico.

O Simposio foi clausurado polo presidente da RAG, Víctor F. Freixanes. Compre sinalar que o pleno extraordinario do Día das Letras Galegas foi realizado o 31 de outubro na Coruña e non en Ferrol, onde estaba inicialmente pautado, por motivo da pandemia da COVID 19. Este pleno coincidiu co 110 aniversario do nacemento de Carvalho Calero.



MIRANDA

LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

**Seguimos ofrecéndolles
información interesante
na nosa WEB**

www.novasdoeixoatlantico.com

O bispo de Ourense falou da eutanasia, do ensino e das persoas vulnerables no día de san Martiño, patrón da cidade

Non houbo ofrenda do alcalde nin procesión polo casco vello pero o bispo de Ourense, Leonardo Lemos, ofreceu unha homilía na catedral o día de san Martiño patrón da cidade. Destacou a figura de san Martiño como faro luminoso e figura da esperanza e púxoos como exemplo nestes tempos difíciles. “Sorpréndenos que os que nos gobernan ofrézannos leis ou proxectos legais que regulan un estilo de ensino moi ideologizado, ou nos quere facer ver que vai de acordo co auténtico progreso unha lei de eutanasia, e non unha aposta máis definida polos coidados paliativos e pola atención aos enfermos chamados terminais e á súa contorna familiar con axudas e reforzos. Esa sí que sería unha verdadeira aposta de progreso porque todo o que busca

o benestar do ser humano supón un auténtico progreso da nosa civilización ferida. Con todo, este proxecto de lei da eutanasia que a temos xa aí- preséntannola xusto agora cando morreron moitas persoas con ocasión do covid-19, de maneira especial persoas maiores e anciás”, dixo o bispo. Lemos Montanet sinalou que é tempo de facer unha aposta polos últimos da sociedade: os pobres, os descartados, os anciáns enfermos e as persoas vulnerables.

Folclore

A Concellería de Cultura do Concello de Ourense organizou espectáculos musicais de rúa que animaron á cidadanía no día de san Martiño. As actuacións das 13 formacións musicais foron itinerantes para evitar aglomeracións, así como chegar á maior parte das zonas da cidade. Cada

un dos percorridos fixo saídas ás 12:00 e ás 18:00 horas e o percorrido da zona centro contou coa presenza de nove cabezudos. A animación chegou aos barrios de O Couto, A Ponte, Mariñamansa, A Cuña, Barrocás, Cidade Vella e Centro. Actuaron polas rúas: Os Lubicáns (Ourense), Os Viqueiras de Ordes (dúas formacións), De pé feito (Ourense), De par en par (Ourense), O gaitero de Poio (Santiago), Airiños de Caldelas (Castro Caldelas), Pandereteiras de Celavella (Celanova), Os Daniñas (Ourense), Os Carunchos (Vigo), Os Carapaus (Santiago), Gaitas de aquí e de alá (Ourense), e Faíscas da Pontagra (Santiago).

Castañas

A asociación San Breixo, de Seixalbo, asou 25 quilos de castañas para que a veciñanza pui-



Trío de gaiteros polo barrio do Couto.

dese degustalas o propio día de san Martiño. No local social preparáronse e todos os que quixeron acudiron para levalas ás súas casas pero a organización tamén as achegou aos domicilios da-

queles veciños que non puideron desprazarse. Os magostos foron este ano nas casas agás con poucas excepcións de pequenos grupos que o fixeron no monte como é tradición.

O PSdeG solicita informe xurídico sobre tráfugas

O PSdeG-PSOE de Ourense vén de solicitar un informe urxente á secretaría xeral da Deputación, sobre os efectos da sentenza do Tribunal Supremo que fixa como doutrina que os tráfugas coa condición non adscritos, non poden asumir cargos ou percibir retribucións que impliquen melloras persoais, políticas ou económicas. Os socialistas queren coñecer como afecta o fallo á situación do vicepresidente segundo, José Miguel Caride, nomeado o 28 de setembro e declarado tráfuga por Democracia Ourensana (DO), a formación política pola que foi elixido e na que se integrou.

Oficialmente, Caride deixará de formar parte de DO e obterá a condición de non adscrito no pleno ordinario. O secretario xa emitiu un informe no que, entre outros asuntos, propón “tomar coñecemento do pase á condición de membro non adscrito do de-

putado provincial José Miguel Caride Domínguez” e a “modificación da composición do grupo provincial de Democracia Ourensana, que pasa a estar integrado polo deputado provincial Armando Ojea Bouzo”. Os socialistas resaltan que a interpretación do Supremo do artigo 73.3.3º da Lei reguladora das bases do Réxime Local “evidencia unha vez máis o caciquismo imperante na institución provincial” polo que piden “clarexar xa esta anomalía”.

“Compensación de Baltar”

Desde o PSdeG-PSOE solicitan ao secretario o detalle dos efectos do fallo e reclamarán a Manuel Baltar que clarexe se vai incumplir deliberadamente a doutrina establecida polo alto tribunal, ao manter na vicepresidencia a un tráfuga non adscrito. “O ascenso meteórico de Caride á vicepresidencia foi unha compensación de Baltar por romper

a disciplina do seu partido no Concello de Ourense e na Deputación provincial”, sinalan os socialistas antes de recordar que o Supremo xustifica a súa sentenza, precisamente, con esas palabras a fin evitar este tipo de “prebendas”.

Democracia Ourensana

A este respecto, Democracia Ourensana (D.O.) sinala que “á marxe da nova sentenza do Tribunal Constitucional que prohibe aos tráfugas ter melloras persoais, políticas ou económicas e que impediría a Caride ser vicepresidente da Deputación, lembrámoslles que o pacto antitransfuguismo PP-PSOE asinado hai anos, xa contempla que os tráfugas non poden ocupar cargos”. “É dicir, a Deputación de Ourense non pode ter un minuto máis a Caride de vicepresidente porque estarían a incumplir o que asinou, entre outros partidos, o propio PP”, recalca D.O.

Colectivos contra a tala de árbores en San Pedro de Rocas



Queren cortar árbores para ampliar a estrada ao mosteiro.

As asociacións Amigos da Terra e Amigas das Árbore de Ourense súmanse á denuncia da Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Gallego (Apatrigal) e demandan á Deputación de Ourense a paralización das obras da estrada OU-0509 que afectan o patri-

monio cultural e ambiental de San Pedro de Rocas (Esgos). O proxecto previu a eliminación de máis de 80 árbores, algúns centenarios, e actuará sobre patrimonio arqueolóxico e cultural. Lembran que se trata dunha xoia do conxunto da Ribeira Sacra e que as obras danarán unha zona BIC.

Galicia

Redacción LUGO

A Feira do Viño de Amandi será en decembro no Pazo de Sober

O Concello de Sober presentou a programación da Feira-Mostra do Viño de Amandi 2020 e tamén os actos que conforman o Mes do Amandi, as actividades previas á celebración da Feira-Mostra, que terá lugar no Hotel Pazo de Sober os días 5 e 6 de decembro. O primeiro dos actos do Mes do Amandi foi un brindé nos recentemente reformados Pendellos de Cadeiras, en Pinol. Tamén foi presentado o cartel anunciador da XL Feira do Viño de Amandi, obra de Isabel Núñez, especialmente adaptado para a ocasión cunha vendimadora con máscara. Na Casa da Cultura de Sober celebrouse unha xornada sobre nocións básicas para o aproveitamento dos soutos organizada pola IXP Castaña de Galicia.

Programación

O mércores 18 de novembro ás 10:00 horas presentarase a IXP Mexillón de Galicia ao alumnado e profesorado da Escola de Hostalería de Rosende. E o xoves 19 a partir das 11:00 horas haberá

unha xornada de maridaxe de Mexillón de Galicia con viños de Amandi en colaboración con IXP Mexillón de Galicia. A Escola de Hostalería de Rosende elaborará durante o mes de novembro pratos especiais con produtos da zona maridados con viños da D.O. Ribeira Sacra, subzona de Amandi. “Ribeira Sacra, orixe e evolución da Denominación de Calidade”, é o título do libro de José Mourinho Cuba que será presentado e organizado por GDR Ribeira Sacra-Caurel, GDR Miño-Ulla, GDR Adercou e GDR Sil-Bibe-Navea.

O venres 20 de novembro a partir das 19:00 horas as Merendas con Contos celebran a Santa Icí. O sábado día 21 de novembro ás 19:00 horas será a presentación do libro disco de Xabier P. Vizcaíno na Casa da Cultura de Sober, unha actividade patrocinada pola dirección xeral de Política Lingüística. O mércores 25 de novembro ás 12:00 horas showcooking con Martín Mantilla, do Restaurante Bersó de Sober.



Presentación en Cadeiras da Feira do Viño de Amandi 2020.

O Goberno local puxo en marcha tamén o concurso infantil da Feira do Viño de Amandi, cuxos gañadores se darán a coñecer o venres 27 de novembro ás 12:00 horas na Casa da Cultura. Tamén se presentará o pousavasos co debuxo gañador. O venres 27 tamén haberá teatro familiar ás 18:00 horas na Casa da Cultura patrocinado pola Deputación Provincial de Lugo. Presentarase ‘O viaxante dos sonhos’ de Abú Teatro.

Do 27 ao 29 de novembro celebrarase o Foro Territorios Patrimonio 2020 no Hotel Pazo de Sober organizado por i-Radia. Festival 17º Ribeira Sacra.

As actividades que non poidan contar con público, debido ás restricións impostas polas autoridades sanitarias, serán retransmitidas a través das redes sociais do Concello.

Feira-Mostra

O día 5 de decembro farase a

apertura e presentación da Feira-Mostra do Viño de Amandi no Hotel Pazo de Sober. A asistencia será mediante convite a distribuidores, xornalistas especializados e restauradores. O horario será de 11:00 a 14:30 horas e de 16:30 a 20.30 horas. E o domingo día 6 de 11:00 a 14:30 horas.

O pregón da Feira, que correrá a cargo da actriz Benedicta Sánchez, galardoada co premio Actriz Revelación nos últimos Premios Goya polo seu papel en ‘O que arde’, será retransmitido a través das redes sociais do Concello de Sober. Os mesmos días levarase a cabo a precata e a cata de viños. O domingo día 6 farase a entrega de premios e a clausura da Feira-Mostra ás 13:30 horas.

O alcalde de Sober, Luis Fernández Guitián, recorda que este 2020 “vímonos obrigados a reinventarnos”, polo que anima a apoiar esta Feira “como un modo de apoiar tamén aos nosos bodegaíros nun ano especialmente complicado para todos”.

As pinturas renacentistas da Igrexa de San Xiao de Lobios, en Sober, estanse restaurando

Os traballos de restauración das pinturas renacentistas da Igrexa de San Xiao de Lobios, en Sober, avanza a moi bo ritmo. O equipo de restauradores que dirixe María Dolores Lago leva xa varias semanas de traballo. A actuación é financiada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e conta cun orzamento de 54.215 euros. É unha operación cofinanciada pola Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

Os traballos no interior do templo van permitir recuperar as pinturas que se conservan no muro norte e no arco triunfal e algún fragmento do muro sur. O alcalde de Sober, Luis Fernández Guitián, explica que coa recuperación destas pinturas, xunto coas recentemente rematadas en San Vicente de Pinol e as recuperadas a principios do 2000 en Santa María de Proendos, o Concello de Sober pretende facer unha ruta cultural.

A igrexa de San Xiao de Lobios é un dos mellores exemplos de arqui-



A igrexa é do século XIII.

tectura tardorrománica que se conservan na Ribeira Sacra. A igrexa, que pertenceu a un antigo mosteiro de monxas beneditinas, data do século XIII e está conformada pola ábsida e unha nave onde se desenvolve sobre os seus parámetros dous ciclos. As pinturas murais desenvólvense no muro norte, no arco triunfal e pequenos fragmentos no muro sur baixo varias mans de caleados ocultándoas case

na súa totalidade.

A intervención ten como finalidade a súa posta en valor co medidas correctivas, de conservación e restauración que se completarán cos estudos históricos, toma de datos e analíticas e a restauración propiamente dita co descalcado, consolidacións do morteiro e policromías, estabilizando os danos e proporcionando unha lectura adecuada dos parámetros policromos.

Humor

ANTOMS



Unha nova empresa encargárase da piscina municipal de Monforte

Tal como había comprometido o alcalde de Monforte, José Tomé Roca, mantivo unha reunión no salón de actos do pavillón da Pinguela cos traballadores e traballadoras da piscina municipal para explicarlles as últimas decisións tomadas sobre a xestión mesma, xa remataba a intervención municipal do servizo iniciada o pasado mes de abril. Na xuntanza, o alcalde estivo acompañado polo técnico de Deportes, Óscar Rodríguez, que foi o interventor nomeado para a xestión da piscina dende dito mes de abril.

Deste xeito, o rexedor municipal explicou as dúas propostas que serán levadas a Pleno en relación coa Piscina Municipal. Dunha banda, a rescisión do contrato de xestión e explotación

da piscina municipal climatizada, así como dos servizos de cafetería, e das pistas de tenis municipal da Pinguela, que actualmente está establecido coa empresa Alacer Ocio e Deporte. E doutra banda, a apertura dun expediente de indemnización, “polos prexuízos económicos derivados da xestión que esta empresa levou a cabo da piscina municipal e que ocasionaron graves perturbacións deste servizo”, salientou o alcalde.

Empresa pública Tragsatec

A intervención municipal da piscina acordada pola xunta de goberno o pasado mes de abril contaba cuns prazos previstos por lei, que remata hoxe luns día 26 de outubro. Por este motivo, o alcalde decidiu propoñer ó Pleno a resolución do contrato

de xestión da piscina, que suporá a rescisión do mesmo coa empresa adxudicataria, Alacer Ocio. Ó mesmo tempo, por Decreto de Alcaldía, o rexedor monfortino tamén informo ós traballadores presentes na reunión, que tras a aprobación do Pleno, se lle comunicará á empresa Alacer Ocio a rescisión do seu contrato, e se lle comunicará o encargo de xestión da piscina á empresa pública Tragsa, a través dunha das empresas deste grupo, chamada Tragsatec, que se encarga de levar a cabo asistencia técnica como a que ten que ver neste caso coa piscina municipal. Este encargo a Tragsatec será por un tempo de 6 meses, prorrogables mensualmente se fose necesario, ata que se resolva un novo concurso ou que se decida en torno



Reunión do alcalde cos traballadores da piscina.

á xestión da piscina. O alcalde garantiu ós traballadores os seus postos de traballo.

Esta actuación a través da empresa pública Tragsa é posible grazas á Deputación de Lugo. A Deputación, fai menos dun ano, adquiriu accións nesta empresa pública que a converte en “medio propio da Deputación”, que o permite facer extensible os seus servizos ós municipios da provincia de Lugo, a través do Órgano de Asistencia ós Conce-

llos., a través dun encargo directo, a prestación do servizo por parte de Tragsatec.

Trala exposición do alcalde, os traballadores consultaron diversas dúbidas sobre o novo funcionamento da piscina que foron solventadas polo rexedor municipal. E do mesmo xeito, agradeceron as xestións levadas a cabo polo equipo de goberno por acadar unha solución satisfactoria para a piscina municipal.

Curso en Monforte sobre iniciación e mellora das gandarías de ovino e cabrún

Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal), celebrou no Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Monforte de Lemos un curso sobre iniciación e mellora das gandarías de ovino e cabrún. O curso proporcionou unha formación en aspectos básicos das gandarías de ovino e cabrún, así como nas instalacións e sistemas de manexo da alimentación. Tamén se tratou a protección fronte a fauna salvaxe e a iniciación ou transición a gandarías ecolóxicas. Do mesmo xeito, abordouse a xestión técnico-económica para reforzar a estratexia das explotacións, analizando os sistemas de comercialización da produción.

O principal obxectivo do Plan de formación ao agro galego é impulsar o desenvolvemento das actividades formativas, de demostración e información que desenvolve a Con-



Pretendese que as granxas sexan respectuosas co medio natural.

sellería do Medio Rural. Con estas accións, preténdese contribuír á implementación dos coñecementos dos agricultores, gandeiros, silvicultores ou representantes da industria agroalimentaria.

Trátase de mellorar a capacitación dos traballadores dos sectores agropecuario e forestal en todo o relacionado cos aspectos técnicos e económicos das súas

actividades. Para iso, abórdanse temáticas relacionadas coa reordenación das producións, o emprego dos métodos produtivos respectuosos coa conservación e a protección do medio.

Con esta formación promóvese que o sector agropecuario e silvícola utilice dun xeito eficiente os recursos, co fin de que sexan economicamente viables, produtivos e competitivos.

Vivendas de promoción pública no barrio da Tinería



Acto de entrega das vivendas de promoción pública.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), entregou cinco vivendas nos barrios da Tinería e da Ponte. A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, subliñou neste acto que “coa transferencia de hoxe, a Xunta pasará a ter 84 vivendas ocupadas das 87 que dispón no barrio da Tinería, xa que hai tres que están en proceso de reparación”. As vivendas transferidas, en réxime de alugamento, teñen un ou dous dormitorios, e

están situadas en rúa Río Miño, 32, e en Tinería, 38, respectivamente.

A conselleira de Medio Ambiente, territorio e Vivenda tamén fixo entrega das chaves aos adxudicatarios doutras tres vivendas na rúa Fermín Rivera, un barrio no que a Xunta dispón de 41 vivendas. Destes pisos, a maioría de dous ou tres dormitorios e con garaxe, 35 están actualmente ocupados, tres xa se entregaron e outros tantos atópanse en proceso de adxudicación.

Galicia

Redacción LUGO

Unións Agrarias denunciou continuos ataques dos lobos á gandería de Chantada

Unións Agrarias (UU.AA) denunciou os "continuos ataques" dos lobos ás ganderías do municipio lucense de Chantada, dado que as incursións nas explotacións por parte de mandas deste depredador son constantes nas parroquias de Santa Euxenia de Asma, Vilatuxe, Laxe e San Pedro de Viana, "co resultado de varias vacas e becerros mortos".

Esta organización subliña que só así se pode "manter a convivencia entre a fauna salvaxe e a actividade gandeira xa que non é asumible que os gandeiros sexan os encargados de alimentar cos seus animais ás mandas de lobos". Segundo o sindicato "é necesario reforzar o orzamento para axudas compensatorias, a liquidación dos atrasos e axilidade administrativa na tramitación dos expedientes", ademais de "un cambio normativo, similar" ao que levou a cabo en Asturias, "para realizar esperas por parte de equipos de caza específicos, á marxe dos tecores".

UU. AA reclama "unha verdadeira xestión do lobo en Galicia" e lembra que a conservación desta especie "é unha tarefa de toda a sociedade". "Implica un control puntual das poboacións



O sindicato agrario esixe "unha acción decidida por parte da Xunta de Galicia".

nas zonas gandeiras", engade, e a colocación de "alimentación disuasoria en determinadas zonas e épocas do ano"

Lespe

Por outra banda, as comunidades de Galicia, Asturias, Cantabria e Castela e León consideran innecesaria a inclusión do lobo ibérico no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (Lespe), unha proposta que o Goberno central leva analizando desde hai varios meses. Así llo trasladaron as catro comunidades autónomas á vicepresidenta cuarta e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto

Demográfico, Teresa Ribera, nunha carta conxunta asinada en nome da Xunta pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez.

Neste sentido, a oposición da Xunta á proposta baséase no feito de que sería totalmente contraria ás políticas desenvolvidas na comunidade nos últimos anos co obxectivo de buscar a compatibilidade entre a existencia de mandas de lobos (distribuídas principalmente polas provincias de Lugo e Ourense pero con presenza en todo o territorio galego) coa gandería extensiva e a viabilidade das explotacións destas zonas.

O Camiño de Inverno mellorará as sinalizacións



Intervención do alcalde de Chantada.

AXunta investirá 1,2 millóns de euros para acondicionar e mellorar a sinalización de case 200 quilómetros do Camiño de Inverno, o que suporá facer actuacións neste itinerario ao seu paso por 14 concellos. Así o explicou en Chantada o vicepresidente primeiro, Alfonso Rueda, que precisou que os traballos traballos terán un prazo de execución duns 6 meses. A través deste Plan, mellorarase e unificarse a sinalización, con cunchas en parede, fitos de pedra ou sinalética doutras clases. No caso dos concellos de Valdeorras (Rubiá, Carballeda de Valdeorras, o Barco de Valdeorras

e a Rúa), vanse empregar mou-teiras de lousa. As actuacións previstas tamén contemplan rehabilitar tramos de camiño, con actuacións como adecuación do solo ou das anchuras, para que sexan homoxéneos co resto de itinerarios.

Ademais, o Camiño de Inverno tamén resulta beneficiado dentro do Plan de albergues da Xunta, que inclúe 7 millóns de euros para toda Galicia e a execución de 8 novas instalacións en todo o territorio. En concreto, no Camiño de Inverno vanse construír o albergue do Saviñao, no Pazo de Diomondi, cuxas obras comezarán en breve; e un albergue en Rodeiro, que está en fase de estudo.

Rescate dun tenreiro

Na mañá do día 25 de outubro, efectivos da Unidade Territorial de Policía de Barrio da Policía Local de Lugo son comisionados pola Sala do 092 para que se trasladen ás inmediacións do río Rato, a poucos metros dun restaurante alí situado, xa que ao parecer atópase un tenreiro con dificultades para moverse. A patrulla observou como o tenreiro achabase nunha zona enlamada, sendo axudado por uns viandantes que pasaban pola zona que logran sacalo a un lugar máis estable.

Mentres unha patrulla realizaba investigacións para a localización do propietario do animal



O tenreiro rescatado.

outra quedou co tenreiro para tentar incorporalo e que permanecera na situación máis cómoda e evitar que volviera introducirse na lameira, localizando ao propietario que se fixo cargo do tenreiro que se achaba esgotado

pero en bo estado.

A intervención dos viandantes foi determinante para salvar ao animal xa que mesmo un deles introduciuse na lameira para axudar á extracción do tenreiro, que finalizou con éxito.

Humor

ANTOMS



Infraestruturas quiere levar a estación de buses do Carballiño á do ferrocarril

O delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, reuniuse con Ramiro Bello, presidente da Plataforma pola Defensa do Transporte Público do Carballiño e Comarca para trasladarlle a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de mudar os servizos de autobús do Carballiño a carón da estación de ferrocarril. Esta medida, xa lle foi proposta pola conselleira Ethel Vázquez ao alcalde, Francisco José Fumega, nunha xuntanza por videoconferencia o pasado 8 de outubro co gallo de facilitar a intermodalidade e mellorar a calidade do servizo.

O delegado territorial salientou o compromiso do Goberno galego coa mellora constante dos servizos do transporte público no concello do Carballiño e a súa contorna, e lembroulle ao presidente da plataforma que as novas



Reunión na delegación da Xunta en Ourense.

concesións de autobuses previstas no Plan de Transporte Público de Galicia incorporaron as solicitudes trasladadas polos municipios da comarca, ampliando a cobertura xeográfica do transporte público e mellorando as conexións, tanto con Santiago, como con Ourense.

Alén Castro, tamén lle ampliou información sobre a medida que implantou o Goberno de Galicia o pasado mes de xuño, pola que todos os xoves menores de 21 anos do Carballiño poden viaxar gratis pola provincia nos autobuses dependentes da Xunta.

Dúas marquesiñas provisionais na terminal de buses interurbanos



A actual estación de buses está demoléndose.

A Xunta habilita dúas marquesiñas na contorna da estación de autobuses de Ourense que funcionarán como parada provisional ata a entrada en servizo da nova terminal. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, que está a traballar na demolición da actual estación de autobuses, acondicionou unha zona anexa á terminal e dotouna de marquesiñas para dispoñer as correspondentes paradas. Trátase de facilitar a prestación e uso dos servizos de transporte interurbano que operan nesta estación.

A demolición da actual terminal de autobuses, cun investimento máis de 523.000 euros, comezou hai tres semanas cos

traballos previos de acondicionamento da parada de autobuses provisional e retirada do material de interior. Estes traballos realizaranse de xeito paralelo ás obras en execución da nova estación de autobuses da intermodal no barrio da Ponte, que seguen a avanzar a bo ritmo. A actual estación de autobuses foi construída hai máis de 30 anos. Dadas as súas condicións e a inconveniencia de deixar un edificio destas dimensións desocupado nunha zona urbana, a Xunta decidiu redactar un proxecto de demolición. A intervención ten como obxectivo deixar despegado o solar e aproveitar este espazo para a construción dunha residencia da terceira idade.

A Serra de San Mamede recuperará as zonas queimadas

O conselleiro do Medio Rural, José González, mantivo unha xuntanza telemática co alcalde de Vilar de Barrio, Manuel Conde, para abordar os traballos que se están realizando para recuperar de forma integral o ecosistema afectado polos incendios forestais. Así, José González adiantoulle ao rexedor que se actuará con traballos de helimulching en 10 hectáreas da serra de San Mamede, sita neste concello ourensán. Na xuntanza tamén estivo o director xeral de Defensa do Monte, Tomás Fernández-Couto.

Neste senso, o conselleiro trasladoulle que as actuacións programadas, en coordinación cos técnicos do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, pasan primeiramente pola estabilización de emerxencia das zonas queimadas para frear a posible degradación do chan e reducir



Xuntanza telemática entre o conselleiro do Medio Rural e o alcalde.

a erosión e a escorrentía. Ademais, mediante a técnica do helimulching -en zonas de grandes pendentes- vaise recuperar a cuberta vexetal dese terreo, favorecendo así a rexeneración natural da vexetación.

Doutra banda, José González lembroulle todas as actuacións posibles que se poden realizar ao abeiro do convenio de pro-

tección das aldeas, ao que está adherido este concello, e pediulle reforzar, na medida do posible, a prevención coa recuperación e posta en valor das terras agrarias. Neste senso, explicoulle os diferentes instrumentos de mobilización que ofrece este convenio, entre os que destacan as aldeas modelo ou os polígonos agroforestais.

A Xunta rexenera os montes afectados polos lumes

O conselleiría do Medio Rural está a actuar en algo máis de 200 hectáreas da provincia de Ourense, en distintas áreas dos municipios de Lobios e Verín, Monterrei, Cualedro, Vilar de Barrio, Vilariño de Conso e Manzaneda. En máis de 200 hectáreas aplicase a técnica que permite crear unha cuberta protectora do solo empregando para iso materiais como a palla de cereais (de trigo, de cebada ou de centeo habitualmente), co fin de evitar a escorrentía superficial e a erosión. Estes traballos



lévanse a cabo cun helicóptero -helimulching- nas zonas de máis pendente, como é o caso de Lobios, e de forma manual -mulching- nas áreas accesibles a pé.

Funexpo Madrid e Funergal Ourense reforzan a súa alianza

Funexpo Madrid e Funergal, que organiza Expourense, reforzan o seu convenio de colaboración para axuntar esforzos na detección de novas oportunidades de negocio, tanto no mercado ibérico como no internacional para as empresas do sector funerario español.

A colaboración entre ambas as feiras viña materializando xa outros aspectos como a integración nos comités organizadores, na promoción mutua e na organización de conferencias. Esta estreita cooperación quedou patente durante o 1º Congreso Internacional de Directivos Funerarios organizado por Funergal o pasado mes de setembro, pero a partir deste intre dáse un paso máis, xa que Funergal pasará a ser o partner de Funexpo Madrid no ámbito territorial de Galicia e Portugal.

Apoio institucional

Este acordo será ademais un exemplo de cooperación público-privada interterritorial, xa que ambas as feiras teñen detrás o apoio das institucións das cidades e comunidades nas que se celebran. FunexpoMadrid, organizada pola División de Congresos de Viaxes O Corte Inglés, conta coa colaboración do Concello da capital, da



Dores Asensi, vicepresidenta de Funexpo Madrid e Emma González, directora de Funergal.

Confederación Empresarial de Madrid (CEIM), da Cámara de Comercio de Madrid, de Hostalería Madrid e dos Servizos Funerarios de Madrid, entre outros. Funergal está organizada pola Fundación Expourense, de cuxo Padroado forman parte como socios principais a Xunta de Galicia, a Deputación de Ourense, o Concello de Ourense, así como a Confederación Empresarial de Ourense (CEO) entre outras.

FunexpoMadrid celebrará a súa primeira edición en Madrid entre o 9 e o 11 de xuño de 2021. Trátase da primeira feira do sector na capital española, elixida un ano máis como o mellor destino europeo de turismo de congresos nos World Travel Awards. Cele-

brarase no recinto "Caixa Máxima" ofrecendo ao expositor e ao visitante un amplo espazo e equipamento de vangarda situado nunha cidade con voo directo ás principais capitais do Mundo. Funergal, pola súa banda, celebrará a súa 11ª edición en Ourense no mes de maio de 2022 e achegará a súa ampla experiencia e especialización como feira internacional e o seu coñecemento do mercado funerario portugués e latinoamericano. Ambas as feiras establecen así sinerxias para abordar tamén outros mercados internacionais, e reforzar os seus eventos enfocados ao desenvolvemento do negocio na cadea de valor do sector funerario.

Xénese, Arte na Rúa en Ourense

A exposición fotográfica Xénese mostrouse en Ourense presentada pola Fundación "La Caixa" e o Concello de Ourense en colaboración coa Xunta de Galicia, dentro dos actos de promoción do Xacobeo 2021. Xénese forma parte do programa Arte na Rúa co que a Fundación "La Caixa" pretende achegar as obras de artistas de renome no panorama internacional, pondo ao alcance de todos unha ferramenta de coñecemento e de integración.

A exposición mostra o excepcional traballo do fotógrafo brasileiro Sebastião Salgado. Trátase do seu terceiro proxecto a longo prazo sobre temas globais, tras os seus anteriores traballos, Traba-

lladores e Éxodos. Se nestes dous proxectos retratou a condición humana e evidenciou as desigualdades do mundo actual mediante unha linguaxe plástica persoal, profunda, poética e de alta calidade formal, en Xénese pon o foco no mundo natural e convidanos a interrogarnos sobre o estilo de vida humano actual e o seu impacto nos recursos naturais do planeta.

Nado en 1944 en Aimorés, Minas Xerais (Brasil), Salgado estudou Economía, pero desde os 29 anos está dedicado por completo á fotografía. Despois de traballar para as axencias Sygma e Gamma, en 1979 incorporouse a Magnum Photos, onde permaneceu ata 1994, ano no que creou, xunto con Lélia Wanick Salgado, Ama-



A exposición estivo aberta na avenida de Pontevedra.

zonas Images, unha axencia dedicada exclusivamente á súa obra. En 2001 foi nomeado embaixador especial de UNICEF, e entre os seus numerosos recoñecementos recibiu en 1998 o Premio Príncipe de Asturias das Artes.

Expourense celebrou o Día Mundial da Calidade

Como cada segundo xoves de novembro desde fai vinte anos, Expourense celebrou o Día Mundial da Calidade e fíxoo adaptándose ás novas medidas e restricións provocadas pola COVID-19. Expourense organizou un webinar sobre "A Calidade como vantaxe competitiva en tempos de incerteza" que foi impartido por Mauricio Paredes, director de Riscos e Operacións de Corferias (Colombia).

O lema deste ano foi "Sustentabilidade é Calidade" e analizou como o desenvolvemento sostible pode contribuír a servir de impulso e a xerar novas oportunidades de negocio, aumen-

tando o valor de marca e retendo o talento. Expourense contou coa colaboración da Asociación Galega de Feiras e Eventos – AGAFE, e coa Asociación Iberoamericana de Feiras – AFIDA. Desde o recinto feiral de Silleda, no que se sitúa a sede de AGAFE, puido seguirse este relatorio tamén de forma presencial.

A tradicional entrega dos Premios Líderes en Calidade a distintas empresas e institucións de Galicia, que Expourense entrega desde hai 10 anos para celebrar este día, si se aprazou ata o momento en que poida celebrarse de modo presencial con todas as garantías sanitarias para os participantes.

O tráfico abriuse en Marcelo Macías para entrar na cidade



As obras comezaron en agosto e durarán un ano.

As obras de mellora que se están a executar na rúa Marcelo Macías de Ourense continúan avanzando segundo o previsto e resta actuar en tres cruces de calzada, que só requirirá de cortes puntuais. Coa fin de minimizar as afeccións aos veciños desta zona e aos usuarios da vía, desde setembro reorganizáronse os traballos, permitindo a circulación pola rúa a última hora do día. A actuación, cun investimento autonómico de 1,7 millóns de euros, suporá a mellora integral da rúa nun

treito de 1,3 quilómetros.

A intervención inclúe a renovación do firme, a mellora das beirarrúas e a substitución das redes de abastecemento, saneamento e de alumeadado. Ademais a actuación contempla o reforzo da seguridade viaria coa instalación de pasos de peóns con iluminación específica.

Tamén se aproveitará este proxecto para facer labores de mantemento no viaduto sobre o río Barbaña, que se dotará de iluminación singular e traballaráse na accesibilidade peonil.



Allariz e Chantada acadan as catro flores de honra do certame Vilas en Flor

O certame “Vilas en Flor” vén de emitir o fallo para outorgar as súas distincións aos concellos participantes nesta terceira edición que puxo en valor o deseño, xestión e mantemento dos espazos verdes urbanos coas súas flores de honra para os 26 concellos galegos participantes neste ano. Chantada e Allariz acadan de novo as catro flores de honra. O xurado distinguiu tamén a Caldas de Reis, Lalín, Tomiño e Salvaterra de Miño con tres flores; a os de A Guarda, Baiona, Carballiño, Culleredo, Cuntis, Cambados, Fene, Gondomar, Narón, Ponteceso, Sada, Sarria, Salceda de Caselas, Pontedeume e Mondoñedo con dúas flores, e os de Ortigueira, Tui, San Sadurniño, Guitiriz e Betanzos foron recoñecidos cunha flor de honra.

Este certame está organizado pola Fundación Juana de Vega, a Asociación de Viveristas do Noroeste (Asvinor) e a Asociación Galega de Empresas de Xardinería (Agaexar), coa participación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do Instituto de Estudos do Territorio, e o patrocinio de Husqvarna e Rainbird. O obxectivo principal desta iniciativa é a mellora ambiental, social e económica dos concellos galegos, así como a dinamización do sector do paisaxismo e a ornamentación e representa a xeración dun selo de calidade e reclamo turístico.

Allariz e Chantada

O xurado destacou aos concellos distinguidos con catro flores de honra, Allariz e Chantada, polo gran esforzo realizado polos xestores municipais no eido da posta



en valor do seu patrimonio natural. En concreto, respecto do Concello de Allariz, cunhas 14 hectáreas de zonas verdes na contorna urbana e unha ratio de 48 metros cadrados por habitante, destacou o gran investimento en mantemento destes espazos, cunha especial complexidade este ano para a execución

de proxectos pendentes debido ao confinamento e a elevada mortalidade de ameneiros (*Alnus glutinosa*) nas marxes do río. Tamén se valorou a oferta de actividades de turismo, medio ambiente e sustentabilidade, en particular a práctica da compostaxe comunitaria. En canto aos proxectos de futuro,

destacáronse o parque infantil cuberto e un parque empresarial de catro hectáreas.

En canto ao Concello de Chantada, destácanse as accións en áreas como patrimonio vexetal e paisaxístico, tanto polos espazos arborados e o uso de vexetación de temporada tanto no centro urbano como nos paseos de ribeira, cun óptimo estado de conservación e mantemento. En medio ambiente e sustentabilidade valórase especialmente a xestión da auga, o uso de técnicas de xeroxardinería, a compostaxe para uso municipal, así como a produción propia no viveiro municipal e a fabricación propia de madeira para mobiliario en zonas verdes. Tamén se observa un uso eficiente dos recursos para o mantemento, cunhas zonas verdes coidadas e floridas.

O director da Banda de Música de Sober debuta coa Scala de Milán

O músico galego Miguel Franqueiro debutou no mes de outubro na Orquestra do Teatro da Scala de Milán como tubista interpretando unha das óperas de referencia de Verdi, Aida, baixo a dirección de Ricardo Chailly, un maestro de talla mundial.

O director da Banda de Música de Sober participa nesta produción, un dos primeiros espectáculos da Orquestra con sede en Milán tras volver á actividade, paralizada dende o mes de marzo debido á situación sanitaria. A primeira das funcións foi o día 6 de outubro e a última será o 19 de novembro. O músico reforza por vez primeira a plantilla da Orquestra do Teatro da Scala de Milán despois de gañar a audición de tuba na formación de ópera máis importante do mundo en xullo do ano 2019.

“Cando hai xusto 20 anos viñemos de viaxe a Borgo val di



Miguel Franqueiro, director da Banda de Música de Sober.

Taro e a Milán coa banda na que me criei, a Banda Unión Musical Ponteledesma, ao chegar a este Teatro da Scala, a guía que nos acompañaba díxonos: Todo músico que se prece soña con tocar aquí. Nunca esquecín esas palabras. Un soño cumprido”, precisa.


Ademais de dirixir a Banda de Música de Sober, Miguel Franqueiro Becerra colabora coa Real Filharmonía de Galicia, así como con

outras orquestras nacionais e internacionais, como a Sinfónica de Galicia, a Orquestra Nacional de España, a Orquestra de RTVE, a Orquestra do Liceo de Barcelona e a Filarmonica Teatro Regio de Torino, entre outras.

O Concello de Sober felicita ao músico por este novo traballo e polas posibilidades que a súa formación e experiencia traen consigo para os músicos da localidade.

Humor

ANTOMS



O home do 2020